

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 3 DE XULLO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día tres de xullo de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 26 de Xuño do dous mil seis (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

LICENZAS OBRAS MAIORES.-

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida.

Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

EXPTE. Nº: RIB/N/44/06.

A SOCIEDADE PARA O DESENVOLVEMENTO COMARCAL DE GALICIA, para levar a cabo as obras de Reforma do Centro Comarcal do Ribeiro, que se realizarán segundo o proxecto Básico e de Execución e Estudio Básico de Seguridade redactado polos arquitectos Don Rufo J. Fernández Rodríguez e Don Juan A. Caridad Graña..

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Reforma do Centro Comarcal, de acordo co proxecto técnico presentado. .

Contía na que se orzan as obras: 32.765,96 euros.

Situación e emprazamento das obras: Avda. de Redondela nº 3 (Ribadavia).

Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras: Don Rufo J. Fernández Rodríguez e Don Juan A. Caridad Graña..

Nome ou razón social do promotor: Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.

Prazos: O prazo de execución das obras é de 2 meses. Segundo o plano de obra, executarase no primeiro mes as actuacións previas (demolicións e desmontaxes), as particións e as intalacións; e no segundo mes, o illamento disposto no falso teito, os revestimentos e a sinalización do equipamento.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento da obra, que ascende a 32.765,96 euros, practícase polo Interventor municipal a liquidación aos efectos do Imposto de construcións, instalacións e obras desta licenza, o cal importe ascende a 851,91 euros..

Outras condicións: As obras executaranse con suxección a documentación técnica aportada e que consta no expediente. Consta informe favorable da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia. Previo inicio das obras deberá presentar o proxecto visado.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

ACOMETIDAS DE AUGA.-

“Visto o escrito presentado por **dona Delfina García Fernández**, con domicilio na Quinza s/n, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmobile, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

CONDICIONS URBANISTICAS.-

Vista a solicitude de don **Ernesto Fernández Fernández**, con domicilio na rúa Carriarico nº 34, Ourense, no que interesa solicitude de cambio de uso dun inmobile sito na Escola de San Paio, Area Recreativa (Ref.. Catastral 24.40.8-01 e Polígono 45, Parcela 163), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal de data 30.06.06, que literalmente di:” A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia corresponde ás NNSSM, publicadas nos BOP nº 239 de 16 de outubro de 1986 e nº 66 de 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA de 19 de xuño de 1991.

Este ordenamiento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galiza”. DOGA nº.252 de 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004 de 29 de decembro; así como disposicións concorrentes.

1. Visto o escrito de D. Ernesto Fernández Fernández, onde solicita licenza para establecer a actividade de Comercio Maiorista de Textil Hogar, según o texto seguinte: “Solicitamos el informe favorable para la posible ubicación de nuestras instalaciones en unos locales ya existentes y adaptación de los mismos a nuestras necesidades concretamente, Oficinas, Almacén y Vivienda Anexa”.
2. A parcela de referencia, corresponde a dúas Clases de Solo, e dispón de dúas Referencias Catastrais, unha para o Solo Rústico e outra para o Urbano.

2.1 Parte da parcela correspondente a Solo Rústico.

Parcela nº 163 do Polígono 45.

Corresponde a Solo Rústico, regulado por o Art. 31 e seguintes da LOUGA, na categoría que se establece no Art.- 32-2, Solo Rústico Especialmente Protegido, que por razóns de proximidade á A-52, Solo Rústico de Protección de Infraestructuras.

- 2.1.1. Sobre dita parcela, encontrase construída unha vivenda unifamiliar e unha nave avícola de dúas plantas, en deshuso.

A estas edificacións son lle de aplicación o Art.-103 “Edificios fora de ordenación”, onde se establece Art. 103-2) “Nas construccions e edificacións que queden en situación de fora de ordenación por total incompatibilidade coas determinacións do novo planeamento solo se poderán autoriza obras de mera conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente”.

O que se pretende é un novo uso.

2.2 Da mesma propiedade, outra parte corresponde a Solo Urbano, coa Referencia Catastral 24.40.8-01.

2.2.1. Solo Urbano, regulado por o Estudio de Detalle Travesía Sampaio, coas circunstancias urbanísticas que se derivan desta figura de ordenación urbanística.

Solo Urbano UMB-II, coa aplicación da Ordenanza GRADO B, así como a Ordenanza INDUSTRIA, coas limitacións que constan.

2.2.2. Sobre esta parte da propiedade encóntrase construída unha nave avícola de dúas plantas e que por prolongación é a mesma unidade constructiva que a situada en Solo Rústico.

Sendo igualmente aplicable o Art. 103, “Edificios fora de ordenación”, e na mesma situación que a construción situada en Solo Rústico.

3. Axúntase co presente informe:

3.1 Plano Catastral de Rústica.

3.2 Plano Catastral de Urbana.

3.3 Plano E.D. Travesía Sampaio, E 1: 500 (UMB-II), Plano Nº 4.1

3.4 Ordenanza GRADO”B” e INDUSTRIA.

Vista a solicitude de dona **María Consuelo Rial Vázquez**, con domicilio na rúa Ervedelo nº 26, 1ºdcha, Ourense, no que interesa informe urbanístico aplicable a unha finca sita en Sanin (Ref. Catastral Polígono 28, que linda coas parcelas 39 e 42), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal de data 30.06.06, que literalmente di:”A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991.

A ubicación corresponde a SOLO URBANO DE NÚCLEOS RURAIS, ordenanza 4.11 reguladora deste solo.

Este ordenamento supéditase a “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”, DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, así como disposicións concorrentes.

1. A edificación de referencia, ubícase en Solo de N.R. regulada por os Art. 24 e seguintes da Lei 9/2002, L.O.U.G.A.

2. A casa blasonada dos Mendoza, esta incluída no Inventario de Cultura desde o 12 de novembro de 1981, quedando constancia na C.M.P, en sesión de 24 de novembro de 1981.
3. Previo á aportación dun Proxecto Técnico regulamentario, facilitará anteproxecto xustificativo da restauración, con reportaxe fotográfico. Memoria e demais documentos que definan a actuación que se pretende, firmado por técnico competente. Documentación que se someterá ao dictame de Cultura.
4. Axúntase co presente informe.
 - a. Artigos 24 e seguintes L.O.U.G.A.
 - b. Plano oficial delimitación do N.R.
 - c. Plano de Catastro”.

Vista a solicitude de don **José Diéguez Vidal**, con domicilio na avda. Naciones, Urbanización. San Marino. Praia de San Xoán (Alicante), no que interesa informe urbanístico aplicable a un inmovible sito na estrada de Val de Pereira a Gomariz nº 45, Santo Andre (Ref.. Catastral, Polígono 18, Parcela 591 e 592), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal de data 30.06.06, que literalmente di:“ A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia corresponde ás NNSSM. publicadas no BOP n º66 de 23 de marzo de 1987 e as NCSPP publicadas no DOGA de 19 de xuño de 1991.

A ubicación corresponde a SOLO URBANO DE NÚCLEOS RURAIS, ordenanza 4.11 reguladora deste solo.

Este ordenamento supeditase a “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”, DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, así como disposicións concorrentes.

- a. Según o plano de situación aportado, (un croquis a man alzada, sinalamento sobre plano de concentración parcelaria e plano catastral), a ubicación corresponde a Solo de Núcleo Rural.
- b. Son de aplicación os Artigos 24 e seguintes da LOUGA.
- c. Dada a existencia dunha edificación (vivenda unifamiliar de planta baixa e piso), sinalada co nº 45. Calquera posible actuación, deberase analizar respecto ao previsto no Artigo 103, 104 e Art. 25 “Tipos de Actuación” da LOUGA; Así como demais disposicións regulamentarias.
- d. Axúntase co presente informe:

- i. Artigos 24 e seguintes da LOUGA.
- ii. Plano Oficial N.R, E 1: 5.000”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

-“Da Comandancia de Posto da Garda Civil, remitindo tabla de estadística de infraccións penais ocorridas no período de Maio 2006”.

-“Da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Resolución de 26 de xuño pasado, autorizando a reprodución de fondos custodiados”.

-“Da S.A. de Xestión do Xacobeo, comunicando concesión de subvención de 10.000 euros para a XXII Mostra Internacional de Teatro”.

-“Da Caixanova, Convenio de Colaboración Cultural entre o Concello de Ribadavia e Caixanova”.

-“Da Deputación Provincial de Ourense, Servizos Sociais, comunicando baixa no servizo de teleasistencia de Dona Victoriana Reinaldo Caíña.”.

-“Da Confederación Hidrográfica do Norte, Resolución comunicando extinción de aproveitamento de 2,31 l/sg de auga do río Miño, en Santa Cristina con destino a lavado de minerais, sendo o titular Sociedade Koenigswarte & Ebell Linden Vor Hannover”.

-“Do Instituto da Xuventude, comunicando Resolución do proxecto ref.. ES-21A-1270-2006-R2.”

-“Da Dirección Xeral de Xuventude e Benestar, Resolución de data 21 de xuño pasado, concedendo subvención para a realización de actividades dirixidas a xuventude, para a promoción xuvenil e para a incorporación da xuventude as novas tecnoloxías, por importe de 6.829 euros.”

-“Dirección Xeral de Protección Civil, Resolución de data 14 de xuño pasado, relativa a concesión de apoio os Concellos Galegos na cesión de material para o plan de salvamento en prais de Galicia (Sapraga) para misións de protección civil. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aceptar a devandita Resolución en todos os seus termos, nomenando responsable para os trámites de entrega o concelleiro Don José Ignacio Gómez Pérez”.

“Da Deputación Provincial de Ourense, Informe sobre a obra “Saneamento Prexigueiro Val de Pereira e outros”, do Programa Operativo Local do ano 2003, correspondente o control que efectuou a Administración Xeral do Estado, en virtude do artigo

38 do Regulamento CE 1260/99 do Consello e do artigo 10 do Regulamento CE 438/01 da Comisión.”

“ Da Delegación Provincial da Consellería de Traballo, Resolución de 23 de xuño concedendo subvención para a contratación de traballadores desempregados en colaboración coas entidades locais (GRUMIR)”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACION DE CONTRATO.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación o contrato entre o Concello de Ribadavia e a empresa Rofervending, para a instalación e explotación de maquina expendedora de bebidas, snacks e café nas instalacións deportivas municipais.

CERTIFICACIÓN Nº4 DA OBRA SANEAMENTO SANTO ANDRÉ E A QUINZA.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación a certificación número 4 da obra denominada “Saneamento Santo André a Quinza”, POL 2005, Obra núm. 8/476, por un importe total de 11.828,74 euros; o aboamento farase con cargo ás aportacións seguintes: do Estado, 489,71 euros; Feder/Map, 1.142,66 euros; Feder/A.L, 7.136,28 euros; Deputación, 392,71 euros e Concello, 2.667,38 euros.”

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aproba-las memorias denominadas "Grupo Municipal de Acondicionamentos do contorno rural", "Grupo Municipal de Rehabilitación de Espazos no Contorno Rural" e "Grupo Municipal de Apoio ao Mantemento de Espazos no Contorno Natural", ó obxecto de solicita-la correspondente subvención o abeiro da Orde do 23 de marzo de 2006, da Consellería de Traballo, pola que se establecen as bases que regulan para o ano 2006, as axudas e subvencións para o fomento de emprego a traves dos Programas de Cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro e da Orde do 31 de maio de 2006 pola que se amplian os créditos e os prazos para a presentación de solicitudes.

APROBACION DE PRESUPOSTO.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o presuposto presentado por Aqualia para a realización das obras consistentes na construción dunha Arqueta de Saneamento en San Cristovo, por importe de 202,04 euros.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.